

CONVOCATORIA DE COORDINACIÓN DE TITULACIÓNS DE MÁSTER UNIVERSITARIO (2019)

O Consello de Goberno na súa sesión do 21 de marzo de 2013 aprobou as *Bases para a Mellora e Internacionalización da oferta académica de mestrados da Universidade da Coruña* que regulan a dotación de incentivos académicos á coordinación. No documento establécense unha serie de obxectivos que deberán cumprir os mestrados e acórdase que a vicerreitoría con competencias en materia de titulacóns realizará a correspondente convocatoria para determinar o grao de cumprimento dos obxectivos de cada un dos mestrados da UDC, utilizando para valorar a súa consecución a mellora nos eixes estratéxicos de estabilidade, internacionalización, excelencia e cooperación.

Unha vez finalizado o período para o que foi nomeado o profesorado coordinador de titulacóns de Máster Universitario, procede realizar unha nova convocatoria.

As funcións do profesorado coordinador serán a coordinación, xunto coa comisión académica, e o seguimento do título coa implantación dos sistemas de garantía de calidade indispensables para o seguimento e acreditación do título de mestrado. A xestión académica e o apoio administrativo ao seguimento serán realizadas polas unidades administrativas dos centros.

Os decanatos/direccións dos centros deberán propoñer á Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente ás persoas que ocuparán os cargos de coordinador/a dos másteres que se impartan no centro. Para iso deberán remitir ao correo electrónico voaid@udc.es o impreso anexo I cuberto e asinado, antes do 25/10/2019.

Aos efectos da valoración do cumprimento dos criterios de cada obxectivo terase en conta a situación do máster unha vez finalizado o último prazo de matrícula. A estes efectos cada centro remitirá cuberto e asinado un documento anexo II para cada un dos másteres que imparta tendo en conta en calquera caso os datos mínimos de

Código Seguro De Verificación	0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente	Asinado	16/10/2019 15:06:43	
Observacións		Páxina	1/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==			

matrícula fixados para poder acadar cada obxectivo. Non é preciso remitir documentación complementaria que, de ser necesaria, será solicitada pola Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente.

Unha vez recibidas as propostas, procederase aos nomeamentos correspondentes, con efectos desde o 01/10/2019 e por un período de 24 meses (ata o 30/09/2021).

Nancy Vázquez Veiga

Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente

Código Seguro De Verificación	0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente	Asinado	16/10/2019 15:06:43
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==		





ANEXO I
FORMULARIO PARA A COMUNICACIÓN
DOS COORDINADORES DE TITULACIÓNS DE MÁSTER UNIVERSITARIO

Centro:

Decano/decana, director/directora de centro (nome e apelidos):

Máster Universitario en	COORDINADOR				Data da Xunta de Centro de aprobación da proposta de nomeamento
	Apelidos	Nome	Ext.	Mail	

DATA:

O/A decano/a ou director/a
(sinatura)

Código Seguro De Verificación	0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente	Asinado	16/10/2019 15:06:43	
Observacións		Páxina	3/4	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==			

ANEXO II

FORMULARIO DE PROPOSTA DE OBXECTIVOS ACADADOS PARA CADA TÍTULO DE MÁSTER 2019-2021

CENTRO:

TÍTULO DE MÁSTER:

- ☐ Estabilidade (mínimo 20 alumnos)
- ☐ Internacionalización (mínimo 20 alumnos)
- ☐ Mestrados conxuntos, dobres ou múltiples
 - ☐ ERASMUS Mundus
 - ☐ Captación de estudantes estranxeiro (número de estudantes internacionais superior ao 25%)
- ☐ Excelencia
- ☐ Cooperación
- ☐ Coordinador
 - ☐ Participante

Data:

O decano/a ou director/a,

Asdo.:

Código Seguro De Verificación	0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Nancy Josefina Vázquez Veiga - Vicerr. de Oferta Académica e Innovación Docente	Asinado	16/10/2019 15:06:43
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/0fXnAvVKMMnXV+VQWnxDKg==		

